



MEMORIA ANUAL 2021

FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU



ÍNDICE

1.- PRESENTACIÓN	3
1.1.- ORGANIGRAMA:.....	5
1.1.1.-PATRÓNS DA FUNDACIÓN VCB 2021	5
1.1.2.- SOCIOS DA FUNDACIÓN VCB 2021	6
2.- EXECUCIÓN DO PLAN DE ACTUACIÓN 2021	7
2.1.- PROMOCIÓN DO AEROPORTO DE VIGO	8
2.1.1.- COLABORACIÓN CON COMPAÑÍAS AÉREAS	9
2.1.2.- ACCIÓNS	9
2.1.2.1- INFORME ESTATÍSTICO AEROPORTO	9
2.1.2.2- REDES SOCIAIS.....	9
2.1.2.3- PREVISIÓN VOOS.....	10
2.2.- COORDINACIÓN DE ACCIÓNS DE INFORMACIÓN, APOIO E CAPTACIÓN DE EVENTOS	11
2.2.1.- CANDIDATURAS E ASESORAMENTOS 2021	13
2.2.2.- LISTADO DE FEIRAS, EVENTOS E CONGRESOS EN VIGO 2021.....	18
2.2.3.- ASISTENCIA A FEIRAS E EVENTOS.....	21
2.3.- ELABORACIÓN E ACTUALIZACIÓN DE GUÍAS E INFORMES	22
2.3.1.- ACTUALIZACIÓN DO CATALOGO DE ESPAZOS DE CONGRESOS DE VIGO	22
2.3.2.- GUÍA DE INCENTIVOS PARA CONGRESOS E CONGRESISTAS.....	22
2.3.3.- INFORMES ESTATÍSTICOS TURISMO	23
2.3.4.- ENQUISAS SECTOR TURÍSTICO	23
2.3.5.- ENQUISAS TELEFÓNICAS	23
2.4.- FERRAMENTAS DE COMUNICACIÓN DA FUNDACIÓN VCB.....	24
2.4.1- PÁXINAS WEB DA FUNDACIÓN	24
2.4.1.1.- WEB DA FUNDACIÓN	24
2.4.1.2.- WEB DA VIGO FILM OFFICE	25
2.4.2.- REDES SOCIAIS.....	26
2.4.3. - LISTAS DE DISTRIBUCIÓN PARA PROCESOS DE COMUNICACIÓN	27
2.4.4.- ELABORACIÓN CLIPPING XERAL DE PRENSA	27
2.5.- COLABORACIÓNS E XESTIÓN DE PROXECTOS	28
2.5.1.- CONVENIO DE COLABORACIÓN ILLAS CÍES	28
2.5.2 - PLAN DE SOSTENIBILIDAD TURISTICA EN DESTINOS	29
2.5.3 - RENOVACIÓN CERTIFICADO SICTED.....	29

1.- PRESENTACIÓN

A Fundación Vigo Convention Bureau en diante VCB, ten entre as súas funcións o desenvolvemento



da economía produtiva e o fomento da economía social de Galicia mediante a potenciación das infraestruturas turísticas e servizos para a cidade de Vigo¹.

A industria de reunións en España atópase tras o impacto do COVID ante unha encrucillada cuxo reto principal está na recuperación da demanda. Para conseguilo, tense que transformar a oferta, evolucionar o modelo e ampliar a colaboración público-privada, ademais de diversificar o negocio e capacitar aos profesionais en novas habilidades para abordar un futuro aínda incerto e imprevisible.



A VCB, no seu plan estratéxico, reflicte a necesidade de desenvolver de xeito conxunto a oferta de actividades de promoción e a creación de produtos específicos para os congresos e eventos, co obxecto de facer de Vigo unha cidade emblemática como destino tanto congresual como turístico. De igual xeito, tal e como

reflicten os obxectivos fundacionais², a Fundación leva a cabo, as actividades dirixidas a:

- Crear e consolidar unha conciencia pública - tanto oficial como privada - en relación coa transcendencia económica do turismo.
- Promover a creación e mellora estrutural dos bens e servizos conexos con estas actividades.
- Representar no plano nacional e internacional á cidade de Vigo así como a todos os membros do Padroado, podendo realizar convenios de cooperación ou colaboración con entidades do sector, público ou privado, que contribúan ao desenvolvemento dos seus fins.
- Coordinar con autoridades, organizacións e entidades de fomento do turismo as accións de promoción necesarias.
- Coordinar coas áreas municipais correspondentes a correcta utilización dos servizos municipais.

A VCB actualmente é un referente na correcta execución do marketing de destino Vigo, informando de forma profesional sobre todos os servizos especializados para congresos, convencións, viaxes de incentivo e eventos en xeral, sendo responsable

¹ Artigo 4 dos estatutos da Fundación.

² Artigo 5 dos estatutos da Fundación.

ademais da confección de todo o material promocional do turismo MICE.

A Fundación exerce igualmente as funcións de oficina de rodaxes a través da marca



Vigo Film Office (VFO), departamento da VCB dedicado á promoción de Vigo como espazo de rodaxe tanto para películas ou documentais como para calquera outro produto audiovisual como os anuncios ou clips musicais.

Entre os servizos que a Vigo Film Office presta están:


- Asesoramento a produtoras e empresas interesadas en rodar en Vigo na elección de localizacións e de provedores de servizos.

- Tramitación gratuíta das solicitudes de rodaxe en vías públicas e espazos municipais.
- Apoio nas solicitudes de rodaxes en espazos públicos, incluíndo praias, parques e xardíns, monumentos e edificios históricos.
- Xestión da ocupación de espazos nas calzadas e zonas de peóns destinados á colocación de materiais técnicos.
- Reserva de espazo de aparcamento e permisos de circulación, xestión de cortes de tráfico ou calquera outro trámite necesario en coordinación coas autoridades municipais competentes.



1.1.- ORGANIGRAMA:

A Fundación VCB, posúe unha estrutura departamental, apoiada por un equipo multidisciplinar construído baixo o seguinte esquema, que lle permite abordar e dar resposta aos obxectivos e accións establecidas no Plan de Traballo da Fundación.



ORGANIGRAMA FUNDACIÓN VCB

A Fundación VCB contou en 2021 cunha estrutura de persoal formada por 4 persoas que desenvolveron as accións descritas nesta memoria.

1.1.1.-PATRÓNS DA FUNDACIÓN VCB 2021



1.1.2.- SOCIOS DA FUNDACIÓN VCB 2021



O ano rematou con **30 socios** adheridos á Fundación. En 2021 produciuse a baixa de **10 socios**.

BAIXAS 2021		
RAZÓN SOCIAL	NOME COMERCIAL	SECTOR
Fiba Catering S.L.	Pazo da Touza S.L.	Eventos
Talaso Atlántico H.S.L.	Talaso Atlántico.	Hostelería
Servicios Lingüísticos Gaia SLU	AGP Traducciones	Traducciones
Jorge Vila Fernández	Galicia.Wine	Eventos
Olalla Rúa Gallego	Breathingalicia	Experiencias
Montserrat Catering y Eventos S.L.	Montserrat Catering	Catering
Autocares Rías Baixas S.L.	Autocares Rías Baixas	Transporte
Bodegas Marqués de Vizhoja S.A.U.	Bodegas Marqués de Vizhoja	Eventos
Dolores Fernández e Hijos S.L	Casona da Torre	Eventos
Dolores Fernández e Hijos S.L.	Catering El Molino	Catering

2.- EXECUCIÓN DO PLAN DE ACTUACIÓN 2021

A Fundación VCB desenvolveu ao longo do ano 2021 o seu traballo de acordo cos seguintes eixos:

- Desenvolvemento de iniciativas para a promoción do Aeroporto de Vigo e da cidade como destino.
- Coordinación e colaboración con entidades e asociados na procura de accións para a xestión da crisis xerada no sector turístico-MICE polo COVID-19.
- Coordinación con entidades públicas e privadas para a captación de eventos congresuais.
- Elaboración de materias de difusión e promoción da cidade como destino MICE.
- Apoio e asesoramento aos socios da Fundación VCB.
- Elaboración de memorias xustificativas e informes sobre o sector.
- Compilación de datos estadísticos relativos a visitantes, pasaxeiros, e ocupación hoteleira de xeito mensual.
- Colaboración na candidatura das Illas Cíes a Patrimonio da Humanidade da Unesco.



2.1.- PROMOCIÓN DO AEROPORTO DE VIGO

Dende 2012 a Fundación ten encomendadas por parte do Concello de Vigo as funcións de desenvolvemento de iniciativas relacionadas coa potenciación do Aeroporto de Vigo. Este ano a VCB estableceu dúas liñas de traballo: por unha parte, o desenvolvemento de relacións e colaboracións con compañías aéreas e, por outra, a elaboración de materiais e ferramentas que permitan a promoción da terminal viguesa, ademais de mellorar o

posicionamento e coñecemento de Vigo como destino.

A promoción do destino nas aerolíneas é outra das nosas prioridades. Durante os últimos meses as compañías aéreas han recuperado rutas con Vigo que deixaron de operar temporalmente pola situación COVID. Desde VCB estase a traballar para que esas compañías e algunha nova volvan moi pronto a Peinador e aumenten, os seus voos desde/cara a Vigo.



Peinador pechou 2021 cunha caída do **-45,74%** sobre 2019 ano pre-pantemia, en concreto contabilizáronse **549.094 pasaxeiros** e **9.191 operacións**.

Pasaxeros Totales			Operaciones Totales			Mercancía Total (Kg)
549.094			9.191			806.312
80,9%			64,2%			191,5%
↑			↑			↑
Pasaxeros Comerci...	Nacio...	Interna...	Operaciones Come...	Nacio...	Internacio...	Mercancía Total Comercial
548.180	547.036	1.144	6.521	5.449	1.072	806.312
80,7%	81,0%	1,3%	69,8%	58,3%	169,3%	191,5%
↑	↑	↑	↑	↑	↑	↑

2.1.1.- COLABORACIÓN CON COMPAÑÍAS AÉREAS

Durante o ano 2021 mantivéronse contactos con distintas compañías aéreas e coa propia dirección do aeroporto, co obxecto de participar en accións de promoción do aeroportoe estudo de novas rutas de interese. A xestión de contidos nas RRSS, o intercambios de material gráfico e de información de voos foron os principais puntos de colaboración no 2021.



2.1.2.- ACCIÓNS

Ao longo do ano executáronse as seguintes accións sobre o aeroporto de Vigo.

2.1.2.1- INFORME ESTATÍSTICO AEROPORTO

Mensualmente elaborouse o Informe Estatístico do aeroporto de Vigo e dos aeroportos galegos. Este informe remítese ao Concello para que dispoñan dos últimos datos da evolución do aeroporto para a toma de decisións e establecer controis de seguimento.



2.1.2.2- REDES SOCIAIS

Durante todo o ano mantívose a promoción do aeroporto nas redes sociais, a través da conta en Facebook e Twitter **@FlytoVigo**. Publicáronse múltiples entradas para informar do día a día do aeroporto así como para manter a súa promoción e difusión, xa que ambas contas convertéronse en referentes da información sobre o aeroporto de Vigo.



2.1.2.3- PREVISIÓN VOOS

Mes a mes se actualizáron as previsións de voos, frecuencias e horarios do Aeroporto de Vigo. Esta información permitiu coñecer o estado do aeroporto en todo momento. As redes sociais foron as escollidas en maior medida para informar dos continuos cambios nos voos.



VUELOS AEROPUERTO DE VIGO 2021

COMPAÑÍAS	DESTINOS	FRECUENCIAS	MARZO	ABRIL	MAYO	JUNIO	JULIO	AGOSTO	SEPTIEMBRE	OCTUBRE	NOVIEMBRE	DICIEMBRE	
VUELING	BARCELONA	L-M-X-J-V-S-D	1										
IBERIA	MADRID	L-M-X-J-V-S-D											
RYANAIR	BARCELONA	L-V-S-D										31	
AIR EUROPA	MADRID	L-M-X-J-V-S-D	29										
AIR NOSTRUM	IBIZA	L-X-V-D						23	5				
	MENORCA	L-J						26	2				
	PALMA MALLORCA ²	L-M-X-J-V-S-D						23	17		8-12		4,8,18,23,27,30
	GRAN CANARIA ⁴	L-X-V-D						23	17		23,27		
	VALENCIA ³	X-V-D						25	29		3,8,17,19,22,23,26,27,30		
	BILBAO	L-J	Vuelve el 4 de febrero de 2022										
BINTER	GRAN CANARIA	X-V-D						2					
	TENERIFE NORTE	J-S											
LATTITUDE HUB	TENERIFE SUR	D						25	26				
IBERIA EXPRESS	TENERIFE NORTE	L-V						2	27				
IBEROJET¹	TENERIFE SUR	S						3	25				

¹ DISTRIBUIDO COMO PAQUETE VACACIONAL

² DEL 6 AL 17 DE SEPTIEMBRE SOLO HABRÁ VUELOS LOS L-X-V. HABRÁ VUELO PARA EL PUENTE DEL PILAR CON SALIDA EL 8 DE OCTUBRE Y VUELTA EL 12 DE OCTUBRE. HABRÁ VUELOS EN NAVIDAD

³ POR CONXEMAR SE REFUERZA EL VUELO A VALENCIA CON EL **MARTES 5 Y MARTES 12**. (En prensa se publicó que también habría vuelo el jueves 7, pero no se ha cargado.). HABRÁ VUELOS EN NAVIDAD

⁴ GRAN CANARIA CON AIRNOSTRUM TENDRÁ VUELOS EL 23 Y 27 DE DICIEMBRE

* LOS DÍAS MARCADOS SON VUELOS ESPECIALES PARA NAVIDAD

2.2.- COORDINACIÓN DE ACCIÓNS DE INFORMACIÓN, APOIO E CAPTACIÓN DE EVENTOS

No ano 2021 consolidáronse os procesos acelerados pola pandemia sufrida e que supoñían un cambio de paradigma no sector turístico. O primeiro, motivado pola rápida evolución das tecnoloxías, o que denominamos dixitalización, obríganos a modificar os nosos sistemas tradicionais de comunicación, promoción e xestión. O segundo proceso que tamén se estaba abordando é incorporar a sustentabilidade e os obxectivos ODS da Axenda 2030 á xestión turística e neste caso aos eventos, congresos, reunións, feiras e viaxes de incentivo.

A industria de reunións en España conta cun tamaño estimado de 12.314 M €, segundo as cifras de 2019, ano de referencia. En 2020, coa chegada da crise da COVID 19, sufriu unha caída do 75%, chegando aos 3.179 M €, crecendo en 2021 ata alcanzar os 5.079 M €, aínda cun nivel de preto do 40% sobre as cifras pre-pandemia e cunha recuperación paulatina ata unha previsible recuperación total en 2024.

A cifra de viaxeiros MICE en España segue a liña da cifra de gasto en canto á curva de caída e recuperación prevista. Se nos anos previos á pandemia o sector contabilizaba ao redor de 10 millóns de viaxeiros ao ano, en 2020 esta cifra descendeu ata os 3 millóns (70%). O 2021 experimenta unha recuperación do 52% respecto ao ano

anterior, aínda que ata o período comprendido entre 2023 e 2024 non se espera poder contar cunha cifra de viaxeiros similar ao 2018.



O información sobre a reactivación da industria transmitida dende a Spain Convention Bureau pon de manifesto o optimismo do sector respecto á recuperación da actividade, sendo conscientes de que aínda estamos nunha situación de incerteza. As previsións de recuperación son esperanzadoras, a demanda nacional do turismo de reunións espérase que tome impulso no último trimestre de 2022 e a internacional evolucionará de maneira máis paulatina e prevese que estea recuperada nun 50% a finais de 2022. A partir do segundo semestre de 2022, se a situación é estable, o sector comezaría a levantar o voo de forma máis destacada, chegando a niveis de 2019 en torno ao segundo e terceiro trimestre de 2024.

A liña estratéxica a seguir nestes momentos para impulsar a recuperación do sector implica aproveitar as sinerxias e liñas de

cooperación e colaboración entre administracións, empresas e institucións e fomentar a creación de novas propostas e experiencias. Resulta así mesmo necesario seguir poñendo o foco na seguridade sanitaria e na flexibilidade cos clientes para recuperar a actividade presencial. Tamén hai que seguir apoiando ao tecido empresarial que saíu moi danado da crise e simplificar a burocracia para asegurar e revitalizar o negocio.



Ademais, un ano máis a VCB promoveu o networking entre os socios e colaboradores

co obxectivo de fortalecer o vínculo entre eles e fomentar a creación de sinerxias dentro do sector MICE na cidade; a procura de medidas e liñas de actuación foi un dos eixos fundamentais durante os distintos escenarios que foron producíndose no 2021.

Por outra parte, no pasado ano mantivéronse as solicitudes de información de localizacións e outros servizos para gravacións audiovisuais na cidade de Vigo, recibidas pola Vigo Film Office as cales contaron coa coordinación interinstitucional da Fundación e o apoio técnico na xestión dos diferentes permisos e consecución de provedores (catering, espazos, impresións, etc)



2.2.1.- CANDIDATURAS E ASESORAMENTOS 2021

Ao longo do ano 2021 a Fundación VCB, froito da situación vivida, non elaborou ningunha candidatura pero si asesorou a distintos eventos para a súa celebración na cidade de Vigo:

ASESORAMENTOS DENDE A FUNDACIÓN:

LISTAXE DE COLABORACIÓNS EVENTOS 2021	
 <p>19-22 DE ENERO 2021 ON LINE!</p>	<p>XXIX Simposio del Grupo Especializado de Cristalografía y Crecimiento – GE3C 2021</p> <p>19 – 22 xaneiro (online)</p>
	<p>XII Congress on electronic structure principles and applications (Congreso químicos computacionales)</p> <p>15 – 18 xuño</p>
	<p>9th International Workshop on Marine Technology MARTECH 2020</p> <p>16 – 18 xuño (online)</p>
	<p>NAVALIA</p> <p>7 – 9 xullo</p>
	<p>Liga MAPFRE de tenis playa 2021 – IBERTENIS</p> <p>9 – 11 xullo</p>
	<p>Congreso anual de Coordinadores de Relaciones Internacionales la Asociación Europea de Conservatorios (AEC)</p> <p>16 – 18 setembro</p>
	<p>Vivencia</p> <p>17 Setembro</p>
	<p>VI Festival Internacional de Cine Inclusivo de Vigo</p> <p>12 – 16 outubro</p>



Feria Vegana

23 – 24 outubro



XXXI Congreso de Inspectores de Hacienda del Estado

24 – 26 novembro

LISTAXE DE COLABORACIÓNS EVENTOS 2022



Congreso Sociedad Española de Contracepción

2022



VIII Congreso de Biología Evolutiva (VIII Meeting of the Spanish Society for Evolutionary Biology)

2 – 4 febreiro



XVI Congreso UPSJ (Unión progresista de secretarios judiciales)

4 – 6 maio



Congreso de Infancia Maltratada

5 – 7 maio



XXXII Congreso Nacional de Médicos de Urgencias y Emergencias (SEMES)

8 – 10 xuño

CONGRESO INTERNACIONAL
DE INFANCIA MALTRATADA

Congreso Internacional de Infancia Maltratada

2022

ASESORAMENTOS DENDE A VIGOFILM OFFICE

LISTAXE DE COLABORACIÓNS DESDE A VIGO FILM OFFICE



El precio de dos vidas

Asesoramento casting, rodaxe e permisos




Un asunto privado

Asesoramento e xestión para a rodaxe, permisos, e cesión de espazos de traballo



Verve Audiovisual

Xestión permisos reportaxe fotográfico campaña comercial



Oscar Novo

Xestión permisos rodaxe campaña publicitaria



The Invisible Bond

Xestión permisos rodaxe documental



Traballos realizados por freelance:

- **POR ENCARGO**, web serie do director Aldán Lopez Dacosta
- **ZULÚ** curtometraxe de Ronaldo Delgado
- **ZOOS** longametraxe de Luis Avilés



Rodaxe dunha entrevista o Xerente da VCB por parte dos alumnos do EAV Audiovisual de Vigo para a realización das súas practicas.



Whiskey Films

Xestión permisos de rodaxe spot publicitario



Xestión de permisos para a rodaxe de varios curtos dos alumnos do IES Audiovisual de Vigo.

- **Los colores en el cine**
- **Entre Queens y Buenos Aires**
- **A Fondo News**
- **El pueblo habla**



San Simón – Miramemira Films

Asesoramento e difusión casting



National Geographic – Documental pesca

Asesoramento e xestión para a rodaxe, permisos



Un Hombre de Acción – La Terraza Films

Asesoramento e xestión permisos de rodaxe.

Asistencia Técnica



TELEVISIÓN DE GALICIA

Eu quero ser da TVG

Xestión permisos de rodaxe



Spot publicitario para SKODA

Xestión permisos de rodaxe.

Asesoría e asistencia técnica.



O Amencer

Xestión permisos de rodaxe



3 op Reis (programa TV Holandesa)

Asesoramento e xestión de permisos de rodaxe.

Asistencia técnica.



O estraperlo en Cans (Festival de Cans)

Xestión permiso de rodaxe



Rodaxe spot publicitario Vermut Marinero Garvey

Xestión permisos de rodaxe



Docu-reality de channel 5, "cruising with Susan Calman"

Xestión para a rodaxe



Spot publicitario – Noemí Chantada

Asesoramento e xestión permisos de rodaxe



Filmación e fotografía con drones da burbulla "THE WITCHER" na Rúa Progreso

Xestión dos permisos de ocupación de vía pública no Concello

Alumnos audiovisual ou amateurs



- **Fregoli** – Raúl Alonso
- **A man invisible** – Guti González Alonso
- **11 millóns** – Andrés Barroso Adán
- **Alfageme** – Estela Ferreira
- **Galleria** – Ismael Gago
- **Angeles Alvariño** – Alberto Santos
- **Algas negras** – Graciela Alonso/Nico Plasencia

2.2.2.- LISTADO DE FEIRAS, EVENTOS E CONGRESOS EN VIGO 2021

EVENTOS 2021 (61)			
MES	DÍAS	EVENTO	LUGAR DE CELEBRACIÓN
XANEIRO	13	UNITOUR (Salón de Orientación Universitaria)	Auditorio Mar de Vigo
XANEIRO	19 – 22	Simposio GE3C 2021 (congreso sobre cristalografía y crecimiento cristalino)	ONLINE
XANEIRO	28 – 30	33 Congreso de la Sociedad Gallega de Endocrinología, Nutrición y Metabolismo	ONLINE
FEBREIRO	17	Foro Aranzadi Social Vigo 2021	Hotel NH
MARZO	3 – 5	XXI Foro Tecnológico de Empleo	UVIGO
ABRIL	16 – 17	Inmune Vigo 2021	AFUNDACIÓN
ABRIL	21 – 22	Galicia Sportech Congress	UVIGO
ABRIL	28	Jornada sobre el mercado japonés y las empresas gallegas	UVIGO
MAIO	9 - 6	World Padel Tour	Pavillón das Travesas
MAIO	12	II Xornadas AER – UVIGO	UVIGO
MAIO	12 - 13	32 Reunión anual de la Sociedad Oncológica de Galicia	ONLINE
MAIO	26 – 30	XXX Salón del Automóvil y motocicleta de Vigo	IFEVI
Xuño	10 – 12	XIII Congreso Nacional de Trastornos de la Personalidad	AFUNDACIÓN
Xuño	15 – 17	Feria MINDTECH (Metal Industry and Technologies International Trade Fair)	IFEVI
Xuño	16 – 18	MARTECH (9th International Workshop on Marine Technology)	ONLINE
Xuño	17 – 18	Congreso Internacional de FET y 54º Congreso AEDIPE	AFUNDACIÓN
Xuño / xullo	30 – 4	XXX Salón del Automóvil y motocicleta de Vigo	IFEVI
Xullo	7 – 8	XVII Congreso Hispano – Luso de Biología de Plantas	ONLINE
Xullo	8 – 11	Motor Ocasión	IFEVI
Xullo	9 – 11	Liga MAPFRE de tenis playa 2021 –IBERTENIS	Playa de Samil
Xullo	16	Foro Destino Turísticos Inteligentes	Palacio de Congresos

Agosto	6 – 8	Marisquiño	Estación Marítima
Agosto	23 – 29	XI edición WTA torneo Internacional femenino de tenis	Samil
Agosto	25 – 29	V Concurso Internacional de Piano Ciudad de Vigo	Conservatorio superior de Música
Setembro	4 – 5	The Wild Festival	San Miguel de Oia
Setembro	7 – 12	Festival Primavera de Cine	Auditorio Concello de Vigo
Setembro	9 – 10	NAVALIA	Palacio de Congresos
Setembro	10 – 12	Campeonato de España de Automodelismo	Samil
Setembro	13	IV Congreso Internacional Aeronáutico y Espacial (CIAG)	Palacio de Congresos
Setembro	13 – 14	X Conferencia Mundial del Atún	AFUNDACIÓN
Setembro	14 – 16	Mindtech Vigo	IFEVI
Setembro	17	Vivencia 2021. El valor de las experiencias	Palacio de Congresos
Setembro	22	1ª Reunión del proyecto del vehículo conectado entre administraciones y empresas	Palacio de Congresos
Setembro	22 – 23	4ª Edición Green Energy Ports Conference (Conferencia Internacional sobre tecnologías energéticas verdes en puertos)	Puerto de Vigo
Setembro	24	Feria “Noite Europea das persoas investigadoras”	Tinglado del puerto
Setembro	24 – 25	V Foro de Educación	Palacio de Congresos
Setembro	24 – 25	Travesía Vigo Master Chess 2021	CC Travesía de Vigo
Setembro	25	Mondo Fashion Show	Plaza de Compostela
Setembro	27 – 28	VIII Conferencia Internacional Arvi sobre el futuro de la pesca	ARVI / ONLINE
Setembro/ outubro	29 – 1	XLVII Simposium Nacional de alumbrado del CEI	Palacio de Congresos
Setembro/ outubro	29 – 1	XLVII Simposium Nacional de alumbrado del CEI	Palacio de Congresos
Outubro	4	Congreso Internacional sobre Nutrición y Salud FAO-Conxemar.	Palacio de Congresos
Outubro	5 - 7	Conxemar	IFEVI
Outubro	5 – 6	II Salón InnovaAtlántico 4.0 - Salón de las nuevas soluciones tecnológicas	Palacio de Congresos
Outubro	12 – 16	VI Festival Internacional de Cine Inclusivo de Vigo	Auditorio Concello

Outubro	19 – 22	Simposio SIMERPE	Afundación
Outubro	21	5º Congreso Internacional Prevención y Seguridad Industrial 4.0	CEP / ONLINE
Outubro	23 - 24	Feria Vegana	IFEVI
Outubro	25 – 28	Gastro Movidia Summit	Afundación
Outubro	26	VII Xornadas Sereas, as mulleres do Mar	Sede da Deputación
Outubro	28	V Congreso empresarial Acción e Implicación	Afundación
Novembro	4 – 5	Congreso internacional 'Retos do dereito de familia'	UVIGO
Novembro	7	23 Edición Media Maratón de Vigo "La 21"	Praia do Vao
Novembro	6 – 7	Vigobodas	IFEVI
Novembro	12 – 13	XVI Seminario Sociedad Española de Trombosis y Hemostasia	Hotel NH / ONLINE
Novembro	17 – 19	Congreso sobre la lucha contra la avispa velutina	UVIGO
Novembro	19 – 21	CAROUTLET	IFEVI
Novembro	24 - 26	Congreso IHE (Inspectores de Hacienda del Estado)	Palacio de Congresos
Novembro	25	Retos y oportunidades de las empresas ante la nueva normalidad	CEP
Decembro	3	Xornada Párkinson Innova. "Cambiando el presente para mejorar el FUTURO"	Auditorio Concello de Vigo
Decembro	15	UNITOUR (Salón de Orientación Universitaria)	Palacio de Congresos

O número total de eventos, feiras e congresos desenvolvidos en 2021 foi de **61**.

2.2.3.- ASISTENCIA A FEIRAS E EVENTOS

Neste período a VCB asistiu a:

LISTAXE ASISTENCIA A FEIRAS, EVENTOS E CONGRESOS 2021	
	<p>FITUR 2021</p> <p><i>Madrid 19 – 23 maio</i></p>
	<p>Foro destino Turístico Inteligente</p> <p><i>16 xullo 2021</i></p>
 	<p>Reunión Convention Bureau de Galicia</p> <p><i>7 setembro 2021</i></p>
	<p>Fam Trip Galicia Mice</p> <p><i>22 setembro 2021</i></p>
 	<p>Encontro sobre turismo de reunións e asemblea do SCB</p> <p><i>7 – 8 outubro</i></p>
	<p>O Audiovisual e a reactivación, oportunidades para o sector e para os Concellos</p> <p><i>30 novembro</i></p>

2.3.- ELABORACIÓN E ACTUALIZACIÓN DE GUÍAS E INFORMES

A Fundación é un actor fundamental no desenvolvemento da imaxe de Vigo como destino e así, no marco de actuacións no ano 2021, leváronse a cabo as seguintes accións:


2.3.1.- ACTUALIZACIÓN DO CATALOGO DE ESPAZOS DE CONGRESOS DE VIGO

En 2021 actualizouse e ampliouse a listaxe dos espazos disponibles na cidade de Vigo. Nunha primeira fase actualizáronse os datos dispoñibles da guía dixital que a Fundación publica todos os anos, e nunha segunda fase procedeuse á carga de novos estazos na nova páxina web que.

Os espazos articuláronse en 3 categorías:

- Espazos principais
- Espazos en hoteis
- Espazos singulares.

Con esta carga de recursos na web permitírase unha consulta axil por tódalas entidades que dexesen organizar eventos en Vigo da información dos espazos dispoñibles.



2.3.2.- GUÍA DE INCENTIVOS PARA CONGRESOS E CONGRESISTAS

Ao longo do ano o equipo da Fundación procedeu a actualizar na nova páxina web os incentivos e experiencias dispoñibles na cidade de Vigo. Os espazos distribuíronse nas seguintes categorías:

- Urbanos
- Natureza
- Náuticos
- Gastronomía e Enoloxía
- Cultura



2.4.- FERRAMENTAS DE COMUNICACIÓN DA FUNDACIÓN VCB

Durante todo o ano mantívose o proceso de actualización das páxinas web. A difusión e promoción das accións da VCB debe seguir un proceso ordenado nos seus contidos, tempos e formas, así como utilizar os mellores medios de información ao seu alcance.

A VCB usa as seguintes canles e medios a nivel dixital.

- Páxinas web
- Redes sociais
- Listas de distribución
- Clipping
- Publicacións



2.4.1- PÁXINAS WEB DA FUNDACIÓN

A Fundación ten en activo os seguintes espazos web:

- www.vigocb.org
- www.vigofilmoffice.es



2.4.1.1.- WEB DA FUNDACIÓN

Continuamos coa actualización e modernización das ferramentas comunicativas online da Fundación mediante a creación de novas áreas na páxina web, o cal permite incorporar novos contidos e materiais dirixidos aos profesionais da organización de eventos e congresos.

Na área privada, dirixida aos membros da Fundación, procedeuse á actualización de contidos para consulta de información corporativa, convocatorias e documentación de interese.

Na web publicáronse ademais noticias de elaboración propia de interese para o sector.



LA FUNDACIÓN VIGO ESPACIOS INCENTIVOS EVENTOS NOTICIAS CONTACTO Español



ESPACIOS PRINCIPALES

2.4.1.2.- WEB DA VIGO FILM OFFICE

A páxina web da Vigo Film Office informou durante todo o ano sobre os distintos proxectos filmados na cidade.

A web é unha ferramenta necesaria para mostrar o traballo que leva a cabo o departamento e serve ademais como plataforma para interactuar co sector audiovisual e ofrecer a información necesaria no referente a rodaxes.

A carga de contidos foi continua ao longo de 2021, especialmente no referente a :

- Filmografía completa da cidade de Vigo (longametraxes, curtas, documentais, videoclips, etc..).
- Localizacións de rodaxe na cidade.



2.4.2.- REDES SOCIAIS

Actualización diaria de contidos nas redes sociais nas que a Fundación está presente, Facebook, Twitter, Instagram, Linkedin e Youtube, compartindo tanto material propio como doutras contas que consideramos interesantes para os nosos seguidores.

LISTAXE REDES SOCIAIS FUNDACIÓN VCB

REDE	SEGUIDORES
https://es-es.facebook.com/VigoConventionBureau	2.859
https://twitter.com/VigoCB	2.533
https://www.facebook.com/FlyToVigo/	667
https://twitter.com/flytovigo	1.458
https://es-es.facebook.com/vigofilmoffice	1.429
https://twitter.com/vigofilmoffice	1.388
https://twitter.com/visitcies	1.116
https://www.facebook.com/Visitciesislands/	603
https://www.instagram.com/visitciesislands/	1.060
https://www.linkedin.com/in/vigocb/	495



Capturas das RRSS da Fundación Vigo Convention Bureau

Mantense a procura periódica de perfís de interese aos que seguir para establecer sinerxias con empresas e entidades do sector ou profesionais do mesmo que poidan aportar un valor engadido ás nosas redes.

2.4.3. - LISTAS DE DISTRIBUCIÓN PARA PROCESOS DE COMUNICACIÓN

Para axilizar e protocolizar os procesos de información diarios, actualizamos e ampliamos unha serie de listas de distribución.

LISTAS CREADAS

- *Patróns*
- *Hotéis*
- *Prensa*
- *Socios*
- *Congresos*
- *Clipping*



2.4.4.- ELABORACIÓN CLIPPING XERAL DE PRENSA

Diariamente procédese á selección de noticias para a ceación dun clipping de prensa. As noticias son tanto locais como nacionais e internacionais, prestando especial atención aos asuntos que son máis próximos e afectan en maior medida aos nosos socios.



Este resumo de novas sirve de base para a análise da actualidade e a programación de redes sociais por parte do departamento de comunicación.

Cada mañá o clipping envíase aos socios e colaboradores da Fundación e procedemos ao arquivo na nosa base de datos das que consideramos máis importantes.

2.5.- COLABORACIÓNS E XESTIÓN DE PROXECTOS

2.5.1.- CONVENIO DE COLABORACIÓN ILLAS CÍES


O 1 de setembro de 2021, firmouse un ano máis o Convenio de colaboración entre a Concellería de Festas e Turismo do Concello de Vigo e a Fundación VCB para a promoción das Illas Cíes como destino turístico e accións conducentes á declaración das mesmas como Patrimonio da Humanidade.

Dentro do contexto da elaboración do expediente de presentación da candidatura a Patrimonio da Humanidade das Illas Cíes, o Concello de Vigo debe levar a cabo unha serie de accións de difusión e marketing. Estas tarefas de concienciación e información á poboación, son fundamentais no proceso de presentación e acompañamento da candidatura, xa que poñen en valor ás Illas Cíes e dan forza á candidatura cara acadar a súa catalogación como Patrimonio da Humanidade.

A Fundación foi a encargada da execución das accións do **Anexo I** do presente convenio, que tivo como data de finalización para a súa execución o 31 de decembro de 2021.

Dentro das accións a desenvolver están:

- Coordinar e supervisar as actividades-accións do proxecto.
- Coordinar e preparar o Plan Operativo do proxecto seguindo as directrices do Convenio.
- Coordinar e supervisar a administración dos recursos.
- Coordinar a execución do proxecto coa concellería de Turismo do Concello de Vigo.
- Dirixir, coordinar e supervisar as actividades das empresas implicadas.
- Elaboración e xestión do orzamento.
- Elaboración de informes periódicos de seguimento.
- Elaboración de memorias de actuación e económicas.
- Participación nos xurados dos concursos.



2.5.2 - PLAN DE SOSTENIBILIDAD TURISTICA EN DESTINOS

A Fundación a petición da Concejalía de Turismo elaborou e realizou unha enquisa entre os seus socios para analizar a situación actual do sector e solicitar propostas cara a reactivación del MICE en Vigo. Co material recompilado realizouse un informe para anexar á documentación do documento resumo do proceso participativo para a elaboración do “Plan de Sostenibilidad Turística en Destinos” (PSTD).



2.5.3 - RENOVACIÓN CERTIFICADO SICTED

Un ano máis procedeuse a renovar o selo SICTED³, programa desenvolvido pola Secretaría de Estado de Turismo, que ten como finalidade a xestión integral e permanente da calidade nun destino turístico, este certificado xorde da necesidade de dar unha solución capaz de xestionar integramente a calidade nun destino turístico, co obxectivo principal de lograr un nivel de calidade homoxéneo nos servizos ofrecidos os visitantes e turistas, englobando tanto os servizos turísticos propiamente devanditos como aqueloutros que, sen selo estritamente, inciden no itinerario de consumo do turista.

Para a renovación de este ano procedeuse a:

- Auditoría de control e seguimento.
- Plan de Formación.
- Plan de Mellora.
- Elaboración Informe de calidade.



Pablo Cameselle Martínez

Xerente Fundación Vigo Convention Bureau

³ Sistema Integral de Calidade Turística Española en Destinos